



Procedemento:

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN CAMPAMENTO URBANO NADAL 22/23
CEIP AREALONGA [3-7 ANOS]

Código do Procedemento:

14002

Documento

SOLICITUDE

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES MENORES DE IDADE

Nados/as entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2018

NOME MENOR	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN, en calidade de: **Nai** **Pai** **Titora/or**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚM	LETRA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	LOCALIDADE	PARROQUIA	TOPONIMIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROVINCIA	MUNICIPIO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS PARA PERSOAS FÍSICAS

Estos datos surtirán efecto únicamente no expediente asociado a esta solicitude.

Notifíquese a: **Persoa solicitante** **Persoa ou entidade representante**

No suposto de non indicar a persoa a quen notificar, a notificación practicarase no enderezo do solicitante.

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración, polo que non é preciso que cubran este espazo.

Electrónica: A través da sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (<https://sede.vilagarcia.gal>)

Postal: (cubrir o enderezo postal só se é distinto ao indicado para o solicitante)

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚM	LETRA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	LOCALIDADE	PARROQUIA	TOPONIMIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROVINCIA	MUNICIPIO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

AUTORIZACIÓN PARA COMPROBACIÓN DE DATOS PERSOAIS

Autorizo expresamente a comprobación, consulta e obtención telemática dos datos referidos a esta solicitude segundo o disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro. **Autorizo** **Non Autorizo**

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Concello de Vilagarcía de Arousa
Finalidades do tratamento	Xestión do procedemento e actuacións administrativas
Lexitimación para o tratamento	O exercizo de potestades públicas segundo a normativa aplicable detallada no Rexistro de Tratamento e de uso histórico, estatístico e científico: (Sede Electrónica /Transparencia/Protección de Datos/Rexistro de Actividades Tratamento)
Destinatarios dos datos	Administracións Públicas e segundo o Rexistro de Tratamento
Exercicio de dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, ou calquera outro dereito recoñecido no Regulamento UE Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018
Contacto delegado/a de protección de datos e máis información	https://sede.vilagarcia.gal ou dpd@vilagarcia.gal



AUTORIZACIÓN PARA FOTOGRAFÍAS, GRAVACIÓNS DE IMAXES E REXISTRO DE SON

Autorizo para que lle/s realice/n fotografías ou gravacións audiovisuais durante a actividade, que poder ser utilizadas polo Concello ou publicadas nos medios de comunicación, tendo en conta sempre os dereitos da infancia e sen desvirtuar o contexto no que foron captadas.

Autorizo Non Autorizo

DECLARACIÓN RESPONSABLE

- Declaro que o/a menor está empadroado no Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Que coñezo, acepto e acato as Bases do Servizo, así como o protocolo de actuación COVID-19 do Servizo.

CUESTIONARIO DE CONDICIÓN DE SAÚDE E AUTONOMÍA PERSOAL

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO

SI NON

- Ten algunha alerxia (medicamentos, alimentos, gramíneas...?)
- Padece algunha enfermidade infecto-contaxiosa?
- Padece algunha enfermidade que precise de coidados especiais?
- Padece algunha limitación física e/ou funcionar?
- Está vacunado segundo a lexislación vixente?
- Precisa actualmente algunha medicación?

Signale as observacións necesarias, de ser o caso:

SINATURA DA NAI, PAI OU TITOR

O/A proxenitor/a que asine este documento, DECLARA o consentimento para a participación do/a menor na actividade. A persoa representante DECLARA que os dous proxenitores autorizan a asistencia do/a menor á actividade.

A sinatura da presente solicitude supón o coñecemento e aceptación das bases e protocolo do Campamento Urbano de Nadal A Escardia, así como a declaración de que todos os datos facilitados son certos. En caso de omisión de datos, falta de sinaturas ou falta de documentación, a solicitude será invalidada.

Nai, Pai ou Titor/ra

Lugar

Data



DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE:

1. Copia do DNI dos/as proxenitores e do/a menor (de non ter DNI, folia correspondente do libro de familia)
2. copia da cartilla sanitaria do/a menor ou do seguro médico privado
3. Cuestionario de condicións de saúde e autonomía persoal, que figura coa solicitude, con todos os puntos debidamente cubertos e asinado.
4. Certificado de recoñecemento minusvalía ou do grao e nivel de dependencia e un informe explicativo do tipo de discapacidade ou das características do/a menor.
5. Documento acreditativo de situación de violencia de xénero emitido polo C.I.M. municipal (de selo caso).
6. No caso dos/as menores en situación de tutela ou garda administrativa, certificado expedido pola dirección que acredite que durante o período 2022/2023 o/a menor está en situación de internamento ou atención diurna.
7. No caso de menores estranxeiros/as, copia compulsada do permiso legal de residencia ou documento análogo.

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A COVID19 NO CAMPAMENTO "MERCACHEF"

D/D^a _____ con DNI/NIE _____

Como proxenitor/a ou titor/a da persoa menor de idade participante:

Nome e apelidos _____ DNI/NIE _____

DECLARA

A) DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓNS DE SAÚDE.

- A.1 - Que a persoa participante coñece os síntomas compatibles coa COVID-19 e non acudirá á actividade no caso de ter algún de eles, estar diagnosticado da enfermidade ou ser contacto estreito dun caso positivo.
- A.2 - As autoridades sanitarias recomendan permanecer no domicilio ata que melloren os síntomas e evitar as interaccións sociais durante 10 días tanto para os casos positivos como para os contactos.
- A.3 - Que a persoa participante non ten síntomas compatibles coa COVID-19 nin está en período de illamento e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- A.4 - No caso de que a persoa participante presente condicións de saúde que a fan máis vulnerable fronte ao coronavirus, a súa condición clínica está controlada e permítelle tomar parte da actividade, mantendo as medidas de protección de forma máis rigorosa. Así mesmo, son consciente de que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados de alto risco.

B) ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID19.

- B.1 - A persoa participante acepta e comprométese a manter as medidas de hixiene, prevención e promoción da saúde nas que se vai desenvolver a actividade, de acordo co protocolo de actuación para a realización do Campamento Urbano de Nadal 2022 "MERCACHEF".

C) ACEPTACIÓN DA NOTIFICACIÓN INMEDIATA AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE CALQUERA PROBLEMA DE SAÚDE VINCULADO AO CORONAVIRUS DURANTE O TRANSCURSO DA ACTIVIDADE.

- C.1 - Comprométome a notificar inmediatamente ao Concello de Vilagarcía de Arousa calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

En _____ a _____ de _____ de _____



BASES DO CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2022/23

Artigo 1. Convocatoria.

A Concellería de Xuventude organiza o CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2022/23 (CEIP AREALONGA) coincidindo co período vacacional. A actividades inclúen obradoiros artístico creativos, manualidades, xogos guiados e libres, etc.

Artigo 2. Obxectivos.

Os obxectivos do servizo son:

- Desenvolver actividades socioeducativas e de lecer de apoio á infancia aproveitando o período vacacional de nadal.
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores.
- Contribuir á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores do noso contorno.
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias.
- Facilitar o desfrute e a calidade do tempo de lecer dos/as menores.
- Favorecer o desenvolvemento integral do neno/a: desenvolvemento motor, intelectual e socioafectivo.
- Favorecer a autonomía e a liberdade do neno/a, potenciando a súa creatividade e imaxinación
- Favorecer o proceso de socialización dos/as rapaces/zas.

Artigo 3. Destinatarios/as e requisitos de acceso.

- O servizo está dirixido a 30 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2018, empadroados/as no Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Das 30 prazas, 6 serán de adxudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do Concello.
- Terán acceso directo ao servizo as unidades familiares nas que a nai se atope en situación de violencia de xénero.
- O/a solicitante deberá estar empadroado/a no municipio de Vilagarcía de Arousa.
- Non poderán participar nos Campamentos Urbanos de Verán as persoas que se atopen na seguinte situación, que será aplicable tanto para o equipo técnico das actividades, así como para os/as nenos/as participantes:

Se a persoa é diagnosticada positiva por COVID-19.



As persoas dos equipos técnicos, así como o pai/nai ou titor dos/as participantes en calquera dos Campamentos Urbanos deberán presentar, antes do comezo da actividade, unha declaración responsable, que recollerá, cando menos, os seguintes puntos:

- a) Condicións de saúde da persoa participante, na que se acredite non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, nomeadamente o COVID-19, así como ningunha sintomatoloxía asociada á mesma.
- b) Aceptación, tras a presente información previa por parte do concello, das condicións de hixiene e prevención nas que se van a desenvolver os campamentos urbanos.
- c) Aceptación de notificar inmediatamente ao concello calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

Artigo 4. Lugar e Data.

Desenvolverase os días 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro no Ceip Arealonga.

Artigo 5. Horario.

O horario establecido será de 9.00 h. a 14.00 h. establecendo un tempo de merenda a media mañá. O horario de entrada será de 9.00 h a 9.30 h e o horario de saída será de 13.30 h á 14.00 h.

Artigo 6. Solicitudes e Proceso de Selección.

6.1. Solicitudes: As familias deberán presentar unha soa solicitude de inscrición por neno/a (excepto no caso de que se inscriba a varios/as nenos/as da mesma unidade familiar) facilitada na sede electrónica do Concello, acompañada da documentación indicada no Anexo I. As solicitudes deberán ser presentadas na Sede electrónica do Concello ou na Oficina de Asistencia en materia de Rexistro do Concello de Vilagarcía de Arousa en horario de 8.30 h. a 14.30 h. (luns a venres).

IMPORTANTE:

A sinatura da solicitude implica o coñecemento e acatamento das bases do servizo (incluídos os protocolos de actuación anti Covid-19). As solicitudes que non presenten a documentación acreditativa para o acceso ao programa, no caso de obter praza a través da orde de entrada do rexistro de entrada, quedarán excluídas de non seren completadas antes do acceso ao programa. A administración local en calquera momento poderá pedir información e /ou máis documentación que permita comprobar a veracidade dos datos incluídos na mesma.

O prazo de presentación das solicitudes será do 21 ao 30 de novembro



6.2. Selección dos/as participantes e listas de espera.

Unha vez finalizado o prazo de inscrición, elaboraranse as listas con todos/as os/as solicitantes inscritos/as. **A adxudicación das prazas será por orde de entrada no rexistro do concello e de houber máis solicitudes que prazas elaboraranse unha lista de agarda seguindo a orde de entrada no rexistro.** (un 20% das prazas son de adxudicación directa por derivación de Servizos Sociais. Os/as fillos/as de vítimas de violencia de xénero, tamén entrarán a través da adxudicación directa, previo informe do CIM)

O día 16 de decembro publicaranse as listas coas persoas admitidas na páxina www.sede.vilagarcia.gal

A solicitude de praza no Campamento de Nadal supón a aceptación das bases que rexen esta actividade.

No caso de que se produzan baixas, a Concellería de Xuventude contactará, seguindo a orde vixente na lista de espera. Para contactar co solicitante, se realizarán tres chamadas entre as 9.00 e as 14.00 h. que quedarán rexistradas como constancia da súa realización. De non contactar coa persoa interesada, ésta será dada de baixa e chamarase á seguinte na lista de espera.

Artigo 7. Seguemento e Avaliación.

O seguemento do servizo realizarase mediante informes mensuais e a comunicación e coordinación co persoal e cos/as usuarios/as do servizo, establecéndose unha avaliación continua do mesmo que deberá reflexarse nunha memoria final.

Artigo 9. Faltas ao servizo

Será considerada falta ao servizo a non asistencia.

Considerarase causa xustificada aquelas faltas que, aportando a documentación correspondente, fosen motivadas:

- Saúde: enfermidade ou asistencia a consultas ou tratamentos médicos/especialistas.
- Laborais: modificación de turnos de traballo/ formación dos pais, nais, titores ou representantes legais.
- Cumprimento de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial.

O resto de faltas na asistencia ao servizo serán consideradas faltas sen xustificar, cun máximo de dúas faltas consecutivas ou tres nunha semana.

Artigo 10. Cota.

A actividade é gratuíta.

Observacións:

A Concellería de Xuventude e a empresa concesionaria do desenvolvemento das actividades do Campamento Urbano de Nadal non se farán responsables dos posibles obxectos persoais que deixen



os/as participantes o último día de campamento, polo que se prega a cada pai/nai que revisen, o último día antes de abandonar o campamento, as pertencencias dos seus fillos/ fillas.

ANEXO I. Documentación a presentar:

1. Solicitude de inscrición.
2. Copia do DNI dos proxenitores e do/a menor (de non ter DNI, folla correspondente do libro de familia)
3. Autorización para a participación do/a menor na actividade.
4. Cuestionario médico sanitario.
5. Folla de matrícula.
6. Certificado de recoñecemento minusvalía ou do grao e nivel de dependencia e un informe explicativo do tipo de discapacidade ou das características do/a menor, para os efectos da selección axeitada do persoal de apoio que vai necesitar (de selo caso).
7. Documento acreditativo de situación de violencia de xénero emitido polo C.I.M. municipal (de selo caso).
8. Declaración responsable, que recollerá, cando menos, os seguintes puntos:
 - a) Condicións de saúde da persoa participante, na que se acredite non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, nomeadamente o COVID-19, así como ningunha sintomatoloxía asociada á mesma.
 - b) Aceptación, tras a presente información previa por parte do concello, das condicións de hixiene e prevención nas que se van a desenvolver os campamentos urbanos.
 - c) Aceptación de notificar inmediatamente ao concello calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

ANEXO II

Normas para o bo funcionamento do servizo de CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2022/23

- 1- Ao inicio do servizo os pais/nais titores ou responsables legais deberán cubrir unha ficha de matrícula facilitando un teléfono de contacto para o persoal do centro durante a prestación do servizo. Así mesmo, deberán asinar as autorizacións para: asistencia ás actividades do servizo, administración de medicamentos (se fose necesario e indicando horas, dose e receta médica), trasladar ao neno/a en caso de emerxencia, recollida doutra persoa do/a neno/a.
- 2- Os/as nenos /as deberán asistir ao servizo en condicións de hixiene axeitadas e no caso dos/as nenos/as de seis anos en diante con dúas mascarillas para uso diario.



- 3- No caso de o/a neno/a estea enfermo/a, teña febre, diarrea ou vómitos ou síntomas compatibles co COVID- 19 deberá quedar na casa e seguir o protocolo estipulado no punto 2.1. apartado e) das presentes bases.
- 4- Os/as nenas deberán cumprir o horario acordado co servizo. En caso de variación deberá ser comunicado ao servizo.
- 5- En caso de non asistencia ao servizo, deberá ser comunicada e xustificada.
- 6- Os alimentos para a merenda serán aportados polas familias, en bolsa individual, seguindo unha dieta saudable e equilibrada para os nenos/as. En ningún momento se enviarán alimentos para compartir.
- 7- En todo momento, primará o bo trato, o respecto e a comunicación axeitada entre as familias, os/as nenos/as, e os/as técnicos/as do servizo.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

Non poderá participar no campamento o/a neno/a participante:

- Se é diagnosticado/a positiva por COVID-19.

A nai/pai ou titor legal deberán presentar, antes do comezo da actividade, unha declaración responsable, que recollerá os seguintes puntos:

- a) Condicións de saúde do neno/a participante, na que se acredite non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, nomeadamente o COVID-19, así como ningunha sintomatoloxía asociada á mesma.
- b) Aceptación, tras información previa por parte da organización, das condicións de hixiene e prevención nas que se vai a desenvolver a actividade.
- c) Aceptación de notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da Escola de Verán.

Os nenos e nenas que presenten condicións de saúde que os fagan máis vulnerables para COVID-19 (por exemplo, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, diabetes, inmunodepresión ou hipertensión arterial) poderá acudir ao Campamento Urbano de Nadal, sempre que a súa condición clínica estea controlada.